

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA), a iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García, Xosé M. Beiras Torrado, Juan M. Fajardo Recouso, Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz** e da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nas entregas a conta de Facenda aos concellos galegos en concepto de participación nos ingresos do Estado, os galegos e as galegas volven ser discriminadas ao non se ter en conta algúns criterios propios da realidade poboacional do noso país como son a dispersión e o avellentamento. Estas dúas características encarecen a prestación de servizos por parte dos concellos, constituíndo, así un agravio claro para a cidadanía galega.

Os 314 concellos galegos recibirán de media, no presente ano, 209 euros por habitante (3 menos que o anticipo que o ministerio lles aboou no exercicio pasado), mentres que a asignación aos concellos da comunidade de Madrid acada os 344 euros por veciño.

A Federación Galega de Municipios (Fegamp) difundiu o ano pasado un informe que calculaba en 1.376 os millóns de euros que deixaba de ingresar o noso país desde que, en 2004, comezou a aplicarse o actual modelo de participación nos ingresos do Estado. Este ano, os municipios galegos percibirán uns 140 millóns menos do que deberían si o procedemento de distribución atendese exclusivamente a variable poboacional, pois se ben Galicia representa o 6,2 % da poboación do Estado español, o noso país ingresa pola participación nos ingresos do Estado el equivalente ao 5 %.

Os criterios para a distribución dos ingresos, o censo determina o 75 % das cantidades asignadas, aínda que se aplica un coeficiente ponderado que premia aos concellos cunha poboación maior. O 12,5 % calcúlase en función do esforzo fiscal, computando os impostos que gravan os bens inmobles (IBI), as actividades económicas (IAE) e os vehículos (IVTM). Por último, o 12,5 % restante calcúlase en relación á capacidade tributaria.

En atención ao referido, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Proposición non de Lei:

- O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a esixir ao goberno central a inclusión do avellentamento e a dispersión poboacional dentro dos criterios que determinan o reparto de fondos en concepto de participación dos concellos galegos nos ingresos do Estado para rematar co grave desfase existente entre ingresos dos concellos galegos a respecto da porcentaxe que representa a poboación galega dentro do Estado español.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2016.

**Asinado dixitalmente por:**

**Anton Sánchez García na data 31/03/2016 17:59:29**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 31/03/2016 17:59:37**

**Ramón Vázquez Díaz na data 31/03/2016 17:59:40**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 31/03/2016 17:59:43**

**Eva Solla Fernández na data 31/03/2016 17:59:45**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 31/03/2016 18:05**  
**Nº Rexistro: 49026**  
Data envío: 31/03/2016 18:05:00.064

**Jose Javier Ron Fernandez na data 31/03/2016 17:59:47**